



# 12 anos de Trágame Terra

Foi no ano 1997 cando este proxecto de Trágame Terra botou a andar, co que temos nas nosas mans o número 12 desta revista.


Nestes 12 anos teñen cambiado moito as cousas. Moitas das reticencias para o ensino en galego semellan esvaecer, existe un grao maior de dereitos lingüísticos que se van incorporando á realidade diaria; pero o feito inexorable é que o número de falantes segue, a decote, diminuíndo. Por iso é que a razón que levou a nacer a esta revista segue a ter unha actualidade evidente, a promoción do uso do galego, o noso idioma, entre os nenos e nenas que conviven no noso colexio.

Aproveitamos a data do 17 de maio e a homenaxe que a sociedade galega fai dos seus escritores para lembrar a necesidade urxente de vivificar os usos da lingua, para lembrar que os afectos (aos fillos/as) tamén se poden expresar en galego, que podemos desenvolvernos no estudio, na creación literaria, na investigación tamén dende a nosa lingua, que podemos, por que non, xogar e divertirnos no noso idioma.


E iso é o que podemos tirar da figura que este ano é homenaxeada pola RAG, a Xosé María Álvarez Blázquez, mestre reprimido e fillo de represaliado na guerra, editor, poeta, estudoso das nosas letras, historiador... Naqueles anos escuros nos que non se podía falar “dialectos”, Álvarez Blázquez lanzou a serie editorial O Moucho en edicións Castrelos, que popularizou a moitos dos noso grandes autores, coñecidos só polo seu nome e non polo seu facer literario; inzou de amor paterno as follas de Roseira do teu mencer e tivo azos para o estudio histórico e filolóxico.

Non queremos rematar esta presentación sen falar dunha testemuña viva deste traballo a prol da lingua, o noso compañeiro David Álvarez Vázquez que acaba de ser recoñecido no seu traballo literario co premio José Saramago de relato curto, relato que podeades ler, e desfrutar, no Blog da nosa biblioteca (<http://condesa.blogaliza.org>).

Aproveitamos, xa que logo, o noso DÍA das letras, para lembrar que o idioma é cousa de todos os DÍAS.




Auga de Bolboreta  
para a túa camiseta




# Vida e obra de Xosé María Álvarez Blázquez

Nace en Tui en 1915, terceiro fillo dos sete da familia do Dr. Emílio Álvarez




Durante a República mifrasá nas mocidades do Partido Galeguista e pronunciará o Berro polos Heróes de Carral.



Estudou Maxisterio e logo Filosofía e Letras, que tivo que abandonar pola Guerra Civil.



O seu pai foi fusilado por participar na defensa de Tui contra os sublevados.



É desterrado, como castigo, a Coreses en Zamora



Volta a casa tras pedir a excedencia en 13 Coreses, no ano 1942



Trágame Terra




En 1946 casa con María Luísa Caccamo Frieben

En 1950 publica o libro de poemas Roseira do teu mencer, adicado á súa filla Colorín.




Pero non só escribe poesía. Son importantes as súas obras de narrativa, ensaio, historia...



En 1962 é elixido membro numerario da Real Academia Galega.


Recibe numerosos premios pola súa obra literaria



Realiza un intenso traballo radiofónico



E destaca sobre todo polo seu importantísimo traballo editorial, con edicións Monterrei e, sobre todo, cos edicións Castrelos e a súa popular colección "O Moucho"



Morre en Vigo en 1985



Pero a súa obra permanece con nós.

# ESCOLMA DE XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

[PERO AMIGO?, ROI PAES DE RIBELA?]

María Balteira, da saya çintada,  
foy por guanhar mui boa soldada  
ena sazón que se fezo cruzada.  
Por én, bailemos aquesta bailada.

Pero d'Ambroa quis [guanhar] perdón  
e logo lli deron Bal[teira] per don,  
porque tragese levado o pendón.  
Por én, bailemos aqeste bóo son.

[María] Balteira e Pero d'Ambroa  
[foron] guanhar perdón e coroa,  
que mui mais valen que vinho e boroa.  
Por én, bailemos bailada mui boa.

Pero d'Ambroa e María Balteira  
punhan agora pela deanteira  
et per cousir quen chus se marteira.  
Por én, bailemos bailada legeyra.

AQUIL NENO QUE EU FUN

Non me doi iste anceio, ista procura  
de bens, que con soñalos  
abonda. Non me fire  
a anguria do vivir que non se atopa,  
nin o noxo da xente que me luxa  
co soio seu ollar de can doente.  
Non me inquedan as dores,  
nin as tebras da noite, que resoa  
con chamadas do Alén que eu soio escoito.

Nada xa me conmove.  
O que me fire e doi, o que me inqueda,  
é aquil neno que eu fun, sempre perdido.

## Poemas de ti e de min

Amiga

—Ai, meu amigo,  
anda o vento rifando conmigo.  
—Ai, miña amada,  
non é o vento, que eu son quén che fala.

—Ai, meu amor,  
anda a i-auga a cantarme arredor.  
—Ai, miña amante,  
¿cómo coidas que a i-auga che cante?

—Ai, meu amado,  
anda o sol a deitarme no prado.  
—Ai, miña amiga,  
íl non é, que son eu quén che obriga.

## Roseira do teu mencer

Era un airiño soave  
Era un airiño soave  
que se erguéu pol-a mañán  
e viña de non se sabe.

Era un recendo de rosas  
da roseira de ningures,  
que se metéu pol-a porta.

Era unha cantiga leda  
que nascía non sei onde  
e petaba na fiestra.

Era unha gracia sutil  
que baixaba das estrelas...  
¡Eras tí!

# Visita a CEDIE

O 11 de marzo de 2008 visitamos a fábrica de CEDIE, unha fábrica na que o principal material é o carburo cálcico. Cando chegamos, un home da fábrica explicounos que para fabricar o carburo cálcico mesturábase o cal co carbón que se extraía da montaña. Logo nunha máquina quentábase a  $1900^{\circ}\text{C}$  e o carburo cálcico convertíano en ferro fundido. Este proceso pode dañar os ollos.



O ferro fundido déixase enfriar 48 horas e uns químicos extráenlle o xofre e inxéctanlle o ferrosilicio, Ao final as máquinas co ferro xa sólido fábrícanse tubos e eses tubos cerrábanse cunhas bobinas de cobre. Os materiais de CEDIE serven para facer materiais como as vigas, vías do tren ou pezas dun coche, pero todo isto non o fai CEDIE, senón outras empresas.

Texto: Agustín ; Ilustración: Jorge


Miña raíña:  
Olerás mellor  
con Mariña



As colonias "San Xoán"  
non as atoparás nen no chan.



⊙ teu cerebro estará moi ben



Se xogas ao Big Brain





O Xogo Amoroso  
é precioso

Trágame Terra



Maio 2008

# A MANSIÓN DO REI MANOLO



## UN MERCADO DE CONTO

O mundo dos contos está de mercado  
E cada quen fai os seus recados .  
O lobo e a Carapuchiña  
Compran doces para a avoíña.  
Peter Pan e a fada Campañita  
Van de excursión nunha barquiña.  
Bambi e a súa amiga Falina  
Divírtense na piscina.  
Vai paseando Pinacho  
Comendo sempre bizcoito.  
Simba, o rei León  
Vende o máis rico melón.  
A lebre e a tartaruga  
Andan a empurróns as dúas.  
A Bela Durminte e as fadas  
Venden todo tipo de chuminadas.  
Hansel e Gretel compran turrón,  
Caramelos, chocolate e polvoróns.  
A Besta e a Bela  
Venden a máis rica tea.  
Os tres porquiños e o lobo  
Reméxeno todo, todo, todo...  
E como está moi bo día  
Disfrutan todos con moita alegría.



**QUEEN É ?**

Ten os ollos castaños. É fraco. Ten o pelo negro. É guapo. É alto. Non reñe. É xoven. É simpático. Na clase nunca fala castelán nen galego.



Javier

Trágame Terra

É alta e guapa. Non leva coleta. Case sempre leva pendentes. Fala castelán, galego e francés. Leva sempre pantalón. Ás veces axúdanos en informática.



Rosa Varela


Maio 2008

## DÍA DA NAI


Os nenos e nenas de 1º A pensamos que:

### **A NOSA NAI É FANTÁSTICA PORQUE:**

Cociña moi ben.  
Deixame ver pelis pola noite.  
Mércame chuminadas.  
Lévame ao cine.  
Lévame ao parque.  
Fai as cousas da casa moi ben.  
Lévame a Éntoma.  
Mércame disfraces.  
Fai unhas albóndigas iriquíísimas!  
Mércame agasallos.  
Cóntame contos.  
Fai-me cóxegas.  
Mércame xoguetes.  
Deixame cociñar.  
Lévame á piscina.  
Fai-me uns peiteados moi chulos.  
Mércame animais.  
Lévame de paseo.  
Coida moi ben as plantas.  
Mércame roupa bonita.  
Limpa moi ben a casa e iole de marabilla!  
Lévame de acampada.  
Fai-me aloumiños e dame bicos.  
¡Quéreme moooooito!



**¡ É A MELLOR MAMÁ DO MUNDO!**



**QUEN É**

**E**



É rubia, ten os ollos de cor marrón. Dános lingua, matemáticas e coñecemento en 1º. Leva pendientes de cor branca. Ten dúas fillas. Non grita, non reñe. É alta. Ten o pelo curto. Leva gafas (algunhas veces). É simpática e guapa

Auri



Non é moi alto. Arranxa cousas. Coñece a todos os nenos do colexio. É simpático. Ten o pelo negro. Ten unha mesa á entrada do colexio.

Emilio



Trágame Terra

Maio 2008

# a piscina




## Xeroglificos

por Alba 6ºB e Marta C. 6ºA

Eu vou a Portugal de .....

Vacacións



As miñas 2 favoritas

Todo irá bien


Pruébalo

Zapatillas

Besos

Leva por un beso tuyo.

OGAN



Sabes onde vive Antonio?

+


Trágame Terra

abaixo  
Dúas mazáns máis


Maio 2008

# ADIVINHAS 4 ANOS

SÓN A BAILARINA  
DESTE XARDIN  
QUE VOA  
ENTRE AS ROSAS  
E REPOUSA NO XARDIN




MEU PAI DI QUIRIQUIUI,  
MINA NAI COCOROCO  
E PIO-PIO FAGO EU-  
QUEN SÓN ?



• LONGAS ORELLAS  
UN POM PON POR RABO  
A CHOUTAS POLO CAMPO  
EU SEMPRE SALTO



• CATRO PERNAS,  
CATRO FONTES  
UN DALLE DALLE  
E DOUS REMIRAMONTES



## O CRISTO DO BARCO

CANDO ERA INVERNO BAIXABAN MOITOS TRONCOS POLO RIO, E UN DELES COLLERONO E QUERIAN FACER LEÑA DEL. PERO NON PODIAN PORQUE NOI O DABAN CORTADO.

UN HOME COLLEUNO PARA FACER UN XESUCRISTO, O TRONCO CORTABASE MOI FACIL. FIXERONO E PUXERONO NA IGREXA VELLA

UNHA VEZ FIXERON A IGREXA NOVA QUIXERONO LEVAR PARA ELA ENTRE HOMES, PERO O CHEGAR A CALLE PRINCIPAL NON PODIAN CON EL E NON PODIAN MOVER

VOLVIAN CON EL PARA IGREXA VELLA E DECIAN QUE PARECIA QUE NON LEVABAN NADA DO POUCO QUE PESABA. PERO CANDO QUERIAN CAMBIALO OUTRA VEZ, O CHEGAR A XENERAL NON PODIAN CON EL, E ENTON DEIXARONO NA IGREXA VELLA, E AI SEGUE:

**INFANTIL 5 ANOS B**




## LENDAS DE VALDEORRAS

Cholo e Nela viñeron ao cole a falarnos das lendas.

Gustáronos moito e comezamos a investigar sobre as lendas de Valdeorras. Aquí van un par delas escritas polos nenos e nenas de infantil 5 anos.

A LAGOA DA SERPE  
NA LAGOA DA SERPE  
NA SERRA DE  
PENA TREVINCA  
DICIASE QUE ANTIGAMENTE  
HABIA UNHA SERPE  
MOI GRANDE TEMIDA POR  
TODOS. SEGUNDO DI A  
LENDA NAS NOITES DE  
LÚA CHEA ESTA SERPE  
CONVERTIASE NUNHA FERMO  
S MULLERE QUE CANDO UN  
MOZO LLE ACERTASE CUN SALIVAZO  
NABOCA ESTA HABÍASE CON  
VER TER NUNHA FERMO  
S MULLERE CASARIA CO  
MOZO.

NENOS E NENAS DE 5 ANOSA



Trágame Terra

AIDA 5 ANOSA

Maio 2008

# PASATEMPOS

			1	5		4		
	5	4			7		3	
			9			5		1
		1	3	2				
		7	6	9	5	8		
3	9	6					5	
			2					8
7		3	4	8		6	9	5

Sudoku


Feito por Ana Rodríguez

Prada

¿daralo feito?

Outro sudoku, só cos números 1,2,3 e 4, para que tamén os pequeniños anden a lidar cos números

1	2		3
			1
2			
4		1	2



- 1.- É rubia e leva mandilón (non dá en Infantil)
- 2.-É alto e ten patillas
- 3.-É o xefe e ten gafas
- 4.-Ten bigote e gafas
- 5.-Encárgase da Biblioteca



Trágame Terra

Se queres arrasar bota colonia Belisar



Maio 2008

# CHISTES E ADIVIÑAS

Julio Rodríguez e Iván Vale, Sergio Ruiz, Samuel Sánchez e Carlos Quivén

Qué fai falta para encender unha bombilla?  
-Que estea apagada!

Leva anos no mar e aínda non sabe nadar.  
A area.

Qué fai falta para que unha señora entre nunha igrexa?  
-Que estea fóra.

Que dá unha vaca que está fraca?  
Resposta: Leite semi-desnatada.

Un home lle di á súa mula:  
"Mula, disimula"  
E a mula di: "Si!"

Na porta está e non quere entrar.  
O felpudo.

Qué é un 99pum!, 99pum!, 99pum!...  
Resposta: Un cempés con pata de pau.

Un home lle di a un tatexo:  
Tes que ir a unha escola de tatexos"  
E o tatexo respóstalle:  
Pero...para qué? Se eu tatexeo de marabilla!!

Adiviña, adiviña!  
Que ten Xosé na barriguiña?  
-O embigo!

Se un galo pon un ovo e o ovo cae ó río...  
Afundirase ou flotará?  
-Ningunha das dúas cousas...os galos non poñen ovos!

Porque o can leva o óso na boca?  
Resposta: Porque non ten petos.

En qué se parece unha vaca a unha pelota?  
-En que a vaca dá leite, a leite dá queixo, o queixo nada, César viviu en Roma, Roma é un bruto; Bruto mata a César, Italia está en Europa, Europa está en Italia, e o mundo é redondo como unha pelota!!

Sube cargada,  
baixa sen nada.  
A culler.

# Elemental, querido Watson!

(Alicia Robledo, Tatiana Rodríguez, Olalla Ruiz )



A un señor que ía sen paraugas e sen sombreiro pillouno un chaparrón. A roupa mollouselle, pero a pesares de que levaba a cabeza descuberta non se lle mollou ni un pelo. Como e posible eso?

Resposta: Porque o señor era calvo.

Un home foi a unha festa e bebeu algo de ponche, despois marchou cedo. O resto de invitados que beberon o ponche morreron envelenados.

Porque non faleceu o home?

Resposta: Porque o veneno estaba no cubiño de xeo, e como o home bebeu rápido, no deu tempo a derreter o xeo no vaso.

Entra un home a un bar e pide un vaso de auga ó camareiro. O camareiro abre un caixón e saca una pistola e apunta á cara do cliente. O cliente primeiro sorprendese, pero de seguido entende o que está a pasar... e agradecello ó camareiro.

Que está a ocorrer?

Resposta: Que o cliente tiña hipo e o camareiro o asustou para quitarllo...e conseguíuno!!



# Excursión a Ponferrada

Cando imos de excursión todos/as vemos e facemos as mesmas cousas, pero hai ollos que miran de xeito diferente por iso saen versións tan distintas.

## Un xeito

A excursión a Ponferrada encantoume. Foi unha aventura inesquecible. Montamos no autobús e estivemos todo o tempo cantando. Cando chegamos fomos visitar O Castelo dos Templarios. A profe Cruz sacábanos fotos e a profe Auri explicounos cousas como por qué as ventás do castelo eran tan pequenas, ensinounos o pozo onde puñan a conservar os alimentos porque antes non tiñan neveiras, vimos as mazmorras, o lugar por onde se tiraban as frechas e tamén onde se sentaba Xoana de Castro e o príncipe a falar, sempre acompañados por alguén que os vixiaba. Despois marchamos ao **teatro** a obra titulábase: "A cigarra e a formiga": no verán a formiga traballaba moito e de repente chega a cigarra tocando as maracas alegremente. Pero... pasou o tempo... e chegou o inverno... ¡Foi moi divertida!. Cando chegou a hora de comer fomos ao Plantío, un parque no que vimos patos, pavos reais, ocas e cisnes. Alí comemos o bocata e tomamos un xeadado, xogamos ás agachadas e sacamos fotos.

A volta para casa viñemos cantando ata chegar ao colexio. ¡Foi un día moi especial!!




## Outro xeito

Hoxe fomos de excursión e choveu a porróns  
Vimos un pavo real que gritaba ha ha ha  
E ninguén falaba en chinés  
Os cisnes tiñan un plátano e llo quitamos  
e llo dimos de comer aos patos  
Tamén vimos un castelo con moitas cousas  
estrañas.  
O teatro facía moita risa  
porque había un señor que bailaba moi mal  
E so sabía tocar instrumentos  
E cantar e bailar.

*Uxía Vidal Díaz*

Alumnos/as de primeiro ciclo



*Trágame Terra*



*Maio 2008*

# POESIA

## O SOL E A CHOIVA

Chove e chove  
e o sol non sae  
Sol e sol  
A choiva non sae.

Rubén Borrajo 2º

## EXCURSIÓN

Vou de excursión  
nun bus con ilusión  
cando vou de viaxe  
gústame mirar a paisaxe  
Andrés Crespo 2º A

## MIÑA RAIÑA

Miña raíña eres  
Moi pequeniña  
Estás na cociña  
chea de fariña

Facendo un pastel  
Para as túas amiguiñas  
Moi graciosiña  
chea de fariña

Cánto te quero  
miña Raíña!  
Lidia de Pedro 2º A

## OS ANIMAIS INCRÍBLES

O que máis corre é o guepardo.  
O que máis Durme o oso pardo  
A que máis come é a balea  
A QUE MÁIS RÍ A HIENA  
O que máis melena ten é o león  
O que máis cambia de cor é o CAMALEÓN.  
O que pela máis pipas o papagaio  
O que mellor canta o señor galo.  
Juan Herrero


## MIÑA ANXIÑA

Miña anxiña ri ri  
Baixo estrelas mira o teu rostro  
¿ves ¿ mira o revés ¿Qué ves?  
O mellor o carro  
¡Ai Xesús que van morrer!  
Se o sol está durmido  
non hai quen o desperte  
Si a lúa non quere vir  
Xa sei, co teu chora, chora despertarei.  
Xa comes o puré e non hai quen de de  
comer.  
Ven, ven que non has liscar ven ao teu  
chorar.  
Marina Fernández 2º A

## O SOL E O MAR

O sol sae co seu calorío  
Na nosa pel  
E a súa soidade  
Que nos permite ir á praia  
E a piscina  
pasámolo moi ben  
co seu frescor  
no noso corpo.  
E os peixes  
que cando estamos na auga  
fan cóxegas nos pes

Nerea Barreiro.



Iovana 3ºA

# ACRÓSTICOS 2º CURSO

Cada día un, pero sen pasarse  
A noite, nin un, nin catro, nin dezaseis.  
Rariño que ti os comas pola mañá,  
A tarde poide ser un bó plan.  
Me da a sensación de que un vou comer.  
Eu vouche dar un se te portas ben, Esther.  
Leo, xogo, pinto pero o que máis me gusta é  
O seu delicioso sabor doce e de café.  
Sal, zucre, froitas, o que sexa... ¡Eu os quero facer.!

(CARAMELOS)

Pégame moito o sol  
Recollo flores no campo  
Imos de excursión  
Maria xoga no parque  
As veces vou ao fútbol  
Vexo a moitos amigos  
Escribo contos de terror  
Regaláronme moitos figos  
Averiguo misterios en acción

(PRIMAVERA)

Sempre na cabeza está  
O corpo decorará  
Moi ben coa súa eleganza  
Ben tamén se hai sol.  
Ruso é de gran beleza  
É moi bonito cando está connigo.  
Indo cara o sol  
Rei da cabeza é  
Os traxes, elegantes fai.

(SOMBREIRO)

Fun ao sofá a ver a tele  
Onte vin un video.  
Gañei un bico por recoller a mesa  
A mamá axúdolle a limpar.  
Ronco, ronco sen parar.

(FOGAR)

Levas luz no interior  
Usas estrelas para alumear  
A terra é o teu planeta.

(LUA)

¡Para, para! que está o home camiñando,  
Ao espantallo está chegando.  
Xa espertou o cazador  
Ao can do pastor,  
Rápido que ven o loitador  
¡Oh, no!. É a escopeta do matador  
Só odio a escopeta porque é un horror.!

(PAXAROS)

## Poesías con verbos

Tocarei, tocarei ¿Que tocarei?  
A flauta do rei.

Collín, collín ¿Qué collín?  
As flores de Fermín.  
¡Que pillín!


Bañei, bañei Que bañei?  
¿Te enganei!

Bebín, bebín ¿que bebín?  
Un invento de Martín.

Collerei collerei ¿que collerei?  
As setas que non pisarei.

Comín, comín  
Un repolo de Petín.

Pensarei, pensarei ¿que pensarei?  
O cadro que pintarei.



## Eu vin

Eu vin,  
a Pepín montar no monopatín.

Eu vin,  
dous paxaros que xogan e rin.

Eu vin,  
trinta rosas no teu xardín.

Eu vin,  
un hipopótamo tocando o violín.

Eu vin... eu vin...  
e se non o vin... ¡seguro que o lin...!

## A BIBLIOTECA DO NOSO COLEXIO

Este ano a biblioteca do colexio propúxose achegarse a tódolos nenos e nenas do centro para facer deste lugar un espazo de encontro coas aventuras, fantasía e temén con novas informacións e novos coñecementos.

Para elo ademáis de incorporar os últimos títulos ao nosos catálogo, contamos na actualidade con máis de 10,000 volumes. Tamén tentamos ampliar o horario de apertura e que dende que os nenos/as chegan ao cole ata que se marchan poidan ter acceso ás instalacións en calquer momento. Así, durante o que vai de curso fixéronse un total de 6,035 empréstamos.

Convencidos de que si os nenos/as se achegan a un libro de xeito voluntario e incorporan esta actividade no seu tempo de ocio estamos dándolle ferramentas para acadar calquera aprendizaxe ademáis de ampliar os séus coñecementos e a súa cultura, tamén estamos sobretudo formando personalidades forte, crítica e ilusionadas polo saber.

Para acadar este obxectivo propuxemos unha serie de actividades durante o curso que nos mantuveran preto dos libros.

### **Clubs de Lectura.**

Para empezar polo que nos gusta, cada neno/a pudo apuntarse a un club de lectura según a temática que máis lle interesaba: Humor, misterio, terror, aventuras, contos tradicionais, poesía ou mitoloxía: En total 15 clubs nos que participaron 224 nenos e nenas que se reunían nun tempinho do recreo para falar do libro que estaban a ler, descubrir novos autores, facer poesía e mesmo facer unha mascota e escribiren as súas impresións no blog. O enderezo: <http://condesa.blogaliza.org>

### **Axudantes da biblioteca.**

Para que o bibliotecario non estea só e conte con axuda de primeira un grupo de nenos/as foron nombrados axudantes. Fan préstamos e devolucións, colocan ordenadores, encárganse da orden e silencio da biblioteca... e todo o que sexa preciso. *¡Gracias axudantes pola vosa colaboración!*

### **A informática na biblioteca.**

Por fin, este ano conseguimos un par de ordenadores para a biblioteca onde se pode facer consultas, buscar información, mesmo botar unha partida a diferentes xogos. A única condición para acceder a eles é non ter perdido ningún punto do carné e respectar o tempo de cada quenda.

Pero seguimos falando de informática xa que ademais de actualizar a páxina Web do colexio( <http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa> ), na páxina da biblioteca están colgadas todas as noticias que ao longo do curso tiveron certo interese para nós. Non podedes deixala pasar. O enderezo: <http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa/bibliocondesa/index.html>

### **A olimpiada do saber.**

Este ano parece que as preguntas eran moi fáciles ou que cada vez os "investigadores" son máis hábiles porque antes de agotar as pistas moitos nenos e nenas daban coa resposta correcta. *¡Felicidades investigadores!*

**O barquiño de papel** non o debes perder. Nesta publicación que achegamos ás familias atopamos todas as novas do cole.

### **Outras actividades.**

**Vaille co conto ao "profe"** ou **"Os martes ... conto"** son actividades encamiñadas para os máis pequenos/as que son os verdadeiros *condes e condesas do colexio*.


Tamén o **concurso de marcapáxinas**, ou cando escribimos **a pegada do título do libro que máis nos gustou** estábamos a enredar entre libros. Pero sin dúbida unha das actividades máis sorprendentes foi cando para celebrar o día do libro no comedor nos leron "28 historias para rir".

Rimos...comemos...escoitamos...e mesmo calamos un pouquiño. Será verdade que coa lectura podemos conseguir case, case, todo que desexamos?.

Ou incluso máis!!




## AS ABELLAS: CURIOSIDADES

 No noso colexio preocupámonos moito polo cuidado do medio ambiente e facemos moitas actividades relacionadas coa natureza. Tamén aprendemos cousas para levar unha alimentación sá e saudable. Gustounos moito que viñeran explicarnos como viven as abellas, como fabrican o mel e todas as propiedades nutritivas deste alimento. Déronnos mel para probar e outros agasallos como lápices, gomas e libretas; pero nós somos moi curiosos, consultamos libros e descubrimos moitas curiosidades destes animalíños.




A colmea é unha cooperativa perfecta. Todos traballan incansablemente e sen egoísmos, con un único obxectivo: o ben común.


As abellas baten 183 veces por segundo e poden voar ata 24 Kilómetros por hora.



Unha obreira produce unha cullerada e media de mel en toda a súa vida. Deben visitar un millón de flores para facer un kilo de mel.



Hai 25.000 especies de abellas no mundo. A que hai en Galicia é a abella negra ou Apis Melifera.



Contan con orientación solar e posúen unha orientación magnética.



Son capaces de transformar a enerxía emitida pola terra en enerxía vital. Se están situadas en zonas sísmicas ou fallas xeolóxicas, producen ata o duplo de mel, mostran máis resistencia aos invernos rigurosos e consumen menos reservas.

Son constructoras dunha sociedade na que cada movemento e cada acción son realizados con unha misteriosa precisión e perfección.

Nenos e nenas de 4º B

## OS TRES PORQUIÑOS

Había unha vez tres porquiños  
os tres moi gordiños,  
un máis grande ca outro  
e o pequeno  
chegáballe ao cóbado.  
Un máis listo,  
outro imprevisto,  
e ao maior gustábanlle  
os deportes de risco.  
Cada un tocaba un instrumento  
pero xamais con lamento  
Só tiñan un problema

O lobo queríaos de cea  
Cando os porquiños o vían  
Sempre tremían.  
Un día o lobo atacou  
e ao maior espantou.  
Cando volveu enfadado  
os cerdiños escaparon a nado  
e construíron unha fortaleza  
para non ter pelexa  
Tiña auga corrente  
e non entraba nin a xente

E entón o lobo  
soplou e soplou,  
pero a fortaleza  
non derrubou.  
Cando o lobo marchou  
os cerdiños saíron  
e felices viviron

Roque 6ºA

Trágame Terra

Maio 2008


# Infantil 3 anos

POLO LARANXAL

TRES AVELÑAS ANDAN A VOAR

UNHA, DÚAS, TRES

DE PRÉSA QUE VOAN, VENSE E NON SE VEN



POLO LARANTAL

TRES AVELAPÑAS ANDAN  
A CHUCHAR

UNHA, DUAS, TRES

DE MANTO QUE VE



CHUCHAN, BORRACHAS DE  
M E L

CAIDAS NO CHAN  
RES AVELAINAS  
POLO LARANTALI



## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias e extraescolares que se realizan ao longo do curso, móstrannos a aposta do claustro de profesores a prol destas actividades e á formación dos nosos alumn@s.

No apartado de concursos destacar a participación no "Concurso de Nenos e Mozos de Vilagarcía de Arousa", cun debuxo de tema e técnicas libres, "Concurso de Fertiberia", cun debuxo relacionado co medio agrícola, e no "Concurso de Debuxo Semana da Natureza", neste co tema a auga. Tamén se participou no "18º Aniversario da Convención dos Dereitos da Infancia, concurso de "Educación Viaria" e concurso de "Postais de Nadal"; polo segundo trimestre como unha actividade de animación á lectura o equipo da Biblioteca organizou "A Olimpíada do Saber", na que os nen@s procuraron responder aos enigmas que se daban seguindo pistas que esixían a procura de información sobre temas diversos. E polo día do libro houbo un concurso de "Marcadores de Libros", nas que participou todo colexio.

Como punto final deste curso, no terceiro trimestre está previsto realizar "A Caza do Tesouro", onde os nen@s demostrarán a súa atención e tamén a súa perspicacia.

Tamén tivemos charlas e actuacións como a do 23 de abril, houbo un miniconcerto de saxofonistas e unha charla sobre a banda de música, para que os nen@s se animen a formar parte dela.

Os de 4º e maillos de 6º, asistiron a unha charla de Educación Viaria, co obxectivo de crear bos hábitos nos nen@s, como peóns e ciclistas, e logo o 28 de abril estiveron no "Julio Gurriarán" na Xornada de karts, facendo prácticas de educación Viaria

En abril coincidindo coa Semana da Natureza, 5º acudiu á charla "A Viaxe dunha Pinga", e á actuación do grupo "Ris, Ras, Plas"

Cabe destacar a participación de todo o colexio na campaña "O Doce Mundo do Mel de Galicia", e no programa de Voz Natura.

Tivemos varias obras de teatro e conta contos, traídos por editoriais ou tamén no Programa de Nutrición.

O 7 de xuño e xa a piques de rematar o curso os de 5º, deleitaránnos cunha actuación no Lauro Olmo da obra de teatro "A VERDADEIRA HISTORIA DE CARRAPUCHIÑA VERMELLA".

Este curso continuamos co programa medio-ambiental da Axenda 21.

Volvemos facer fincapé, no aforro de papel; tentamos reciclar dentro da aula, e tamén no comedor, e comezamos a concienciar da necesidade do AFORRO ENERXÉTICO. Seguen funcionando as patrullas



verdes, incidindo na importancia de manter limpo o noso entorno. Traballamos na concienciación dos alumn@s para que se decaten da importancia de eliminar no posible as lambetadas.

O 21 de abril, durante a xornada de mañá, os 20 nen@s seleccionados de Axenda 21, realizaron actividades enfocadas á natureza, no pavillón de Calabagueiros.

Seguimos coidando o xardín, regando, podando e plantando novas plantas. Tamén seguimos coa compostaxe.

Outro apartado importante foron as celebracións e saídas. Así destacamos o MAGOSTO que fixemos no patio do colexio, con fogueiras, castañas e caras pintadas.



Distintos cursos visitaron "CASTAÑAS BARREDO", a panadería Gabela, onde elaboraron doces, visitaron a cooperativa "Xesús Nazareno" e as "Bodegas Godeval" para coñecer o proceso de elaboración do viño, ou acudiron ao Centro Comarcal onde viron a exposición "Vivindo cos Volcáns".

Polo mes de decembro, celebramos o "Festival de Nadal", representando diferentes creacións artísticas diante dun bo número de pais e nais.

O 30 de Xaneiro pola tarde "O DÍA DA PAZ", con follas convertimos en árbores uns fusiles. Algúns nen@s de cada curso leron manifestos sobre a Paz, e para rematar cantamos o Ska da Terra. Os nenos de 5 anos foron a radio, tanto nas datas do día da Paz como no Antroido, que este ano foi moi cedo, así que xa a finais de xaneiro tivemos unha semana na que O MECO, nos deu unhas ordes as que fixemos caso con moito agrado; e despois dun xoves de comadres e de compadres moi festivos, rematamos o venres 1 de febreiro cun desfile de disfraces, o que amenizou a charanga do colexio.

Os de 5º visitaron o Mosteiro de Xagoaza e os de 6º foron a CEDIE.

*Trágame Terra*

Polo 17 de abril, os infantís de 4 anos, visitaron o parque de bombeiros da Rúa, onde disfrutaron subindo nos seus camións. 5º de primaria, foi ao teatro a Ponferrada, e o 1º ciclo tamén tivo unha cita nese mesmo teatro, para ver a representación da obra "La cigarra y la hormiga".

Os de 3º acudiron a coñecer o Centro Comarcal do Barco, onde viron a "Exposición da auga", e xa de volta pasaron pola oficina de correos. Aproveitamos o día do libro para que os de 1º foran á Biblioteca Municipal, e se fixesen socios; en maio foron ao Punto Limpo e viron as súas instalacións e as boas maneiras de reciclar.



Os nen@s de infantil esperaron entusiasmados ao día da convivencia, que este ano celebrouse en Rubiá o 15 de maio. Por suposto celebramos o noso Mes das Letras con teatro, deporte, poesías e xogos.

Polo 4 de xuño o 2º ciclo irá a coñecer o parque de Marcelle en Outeiro de Rei (Lugo), no que poden ver un bo número de animais amais de realizar diferentes actividades, nas que contarán coa axuda de monitores, mentras os máis grandíños do colexio marcharán a Gandarío, e botarán 3 días. Como punto final e xa nos últimos días de xuño, prepararemos un divertido festival con actuacións, ao que esperamos que acudades; e coma tódolos anos aproveitamos para agradecervos a vosa colaboración.

*Maio 2008*


# Axenda 21 Escolar de Galicia

Este curso como o anterior estamos a levar a cabo o proxecto da **Axenda 21 Escolar de Galicia**. Non queremos cansar relatando a morea de actividades que se veñen facendo de xeito continuo e repetido no centro co fin de conseguir entre todos un mundo sostible ( recollida selectiva, os patrulleiros verdes, o composteiro..) pero é que diso se trata, de ser repetitivos, ou mellor dito, de integrar nos nosos hábitos actitudes positivas de cara ao coidado do noso entorno máis próximo, coa intención de por o grauciño de area que permita ao noso planeta sobrevivirnos, de devolverlle o que con tanta xenerosidade nos ven ofrecendo dende xeracións.

Non é a nosa pretensión cambiar os nosos hábitos consumistas e despilfarradores nun ou dous cursos, pero resulta satisfactorio comprobar que estamos no camiño. Ben é certo que é nel onde atoparemos atrancos, dificultades e desánimos, pero isto, lonxe de frustrar as nosas expectativas nos dá idea da capacidade de crítica que estamos a crear nos alumnos/as e a súa implicación. Como somos quen de sermos optimistas? Mirando para @s alumn@s que están a vivenciar estes coñecementos e a levalos ao seu quefacer de aprendizaxe. Mellor que vexamos algunha mostra do que estamos a dicir.

## POESÍA DA PAZ

Menos contaminaremos,  
Porque nós ao noso planeta queremos,  
E se estas cousas non facemos,  
Ao planeta destruiremos.  
Todos debemos ser bos,  
Igual que o planeta con nós.  
Eu fago esta poesía,  
Que algo rima,  
E todos rimaremos,  
Igual que nós  
divertidos Seremos.  
(Tami 2º B)



María Caperán

Visita dos representantes da AXD21 AO COLEXIO  
O día 31 viñeron uns señores e unha señora da Xunta á reunión da Axenda 21. Dixéronnos que nos presentaramos; Preguntáronnos polos proxectos que tiñamos en mente. Un deles é arranxar o xardín, así que os que leades isto ¡NON PISEDES AS SEMENTES!  
Eses señores lles dixeron aos profes que axudaran a outros colexios.  
Propuxéronnos facer unha excursión e que puxeramos suxerencias no taboleiro da Axenda 21. Non pararon de tomar apuntes de todo o que dicíamos. Dixéronnos que isto da Axenda 21 estabase a facer en toda Galicia; por esta razón vos propoño que vos conciencedes e cando vaiades ao monte non estraguedes nada e o mesmo no colexio.  
Alejandro Fernández Rodríguez ( representante dos alumnos no Comité Ambiental )



Ioyana

Ao entrar chamáronnos para formar grupos. Empezamos a facer actividades. A actividade que mais me gustou foi a primeira que vou contar a continuación:

lamos xuntos tres grupos. Cada grupo púxose en fila e a persoa que estaba ao carón da xerra chea de auga co vaso ao lado collía coa man o vaso, poñíao na boca e agarrábao cos dentes e así sucesivamente.

E na mesma zona o xogo que vou dicir agora: consiste en que estamos encima de bolsas negras e as monitoras ían quitando as bolsas para facer fábricas e así hasta que solo quedou unha e estabamos moi xuntos.

Outro foi o de que un se tapaba os ollos coa chaqueta e o compañeiro dábache o iogur.

Neste todos os nenos menos o que pesa menos se poñen no chan, e o outro neno se poñía encima dos outros que estaban boca abaixo. Os nenos que estaban boca abaixo se xiran un pouco para que o neno que estaba dun lado dos nenos que eran como troncos e o neno que ten que pasar dun lado ao outro.

Neste xogo solo pode haber tres persoas abaixo e logo toda a xente que queda enriba hasta que xa están todos.

Neste estamos nunha mesa e tiñamos que pedirlle axuda a un maior, eu lle pedín axuda a Aurora, e o que estabamos a facer era un atrapacontos pero hai que imaxinar que os atrapas e logo tes que facer que os comes.

Este é un xogo xulgado que tes que defender o que lle toca. Este xogo non me gustou.

Todos estes xogos son para derrotar a Oland Mart que é quen nos mete na cabeza cousas malas para a natureza.

Lidia de Pedro López 2º A E.P.

Gustoume moito. Había moitas actividades, as que máis me gustaron foron: A que tiña que darlle de comer un iogur ao meu compañeiro e a de facer un atrapasoños. E tamén me gustou estar con nenos de outras idades e doutros colexios.  
María de Sousa Blanco 3º A

O que máis me gustou foi o xuízo que fixemos. ( Adrián Bembibre Fernández 5º A)

Paseino moi ben se tivese que pórle nota porálle un 10. O que máis me gustou foi a actividade na que tiñam os que defender algo. O que menos Oland Mart que me untou toda a cara de iogur.  
Álvaro Armesto Cateja 5º b

A min pareceume ben a saída, porque fixemos ben a saída, aprendemos moitas cousas, se lle dera valoración en número daríalle un 10. O que máis me gustou foi o xuízo, no que estivemos a discutir de porque ardeu o bosque e discutimos porque querían poñer unha fábrica de biomasa e unha fábrica química, e ao final saíu que voltasen a replantar todo o bosque. ( Roberto Borrajo Rodríguez 5º B)

gustoume moito fixome moita gracia o debate os contos. foi moi divertido.  
carlos 3º A

